

SABELA FINALISTA POR SEGUNDO AÑO CONSECUTIVO NOS PREMIOS DE LA ACADEMIA DE LA MÚSICA

A ARTISTA OBTÉN ESTA NOMINACIÓN POLA SÚA CANCIÓN *NON CHO PODO DAR*
XUNTO A MARÍA ESCARMIENTO NA CATEGORÍA DE MELLOR CANCIÓN EN
GALEGO/ASTURIANU



Bueu, 7 de abril de 2026. A cantante galega **Sabela** volve a obter un novo recoñecemento a nivel estatal co anuncio de **finalista a Mejor Canción en Galego/Asturianu por *Non cho podo dar***, o seu tema xunto a María Escarmiento, **nos Premios de la Academia de la Música de España**. Esta mañá déronse a coñecer os finalistas destes galardóns outorgados pola Academia, formada por artistas, autores, produtores, editores, xestores, promotores e outros profesionais do sector co fin de estimular e proclamar a excelencia, a solidariedade, o talento, o traballo e o esforzo entre a comunidade musical do estado.

Este recoñecemento é o **segundo consecutivo** nestes premios, tras ser recoñecida con **Hi, My Love** o pasado ano na mesma categoría. Nesta ocasión, a de Oourol comparte **candidatura** xunto coas seguintes artistas e cadansúas cancións:

- Tanxugueiras – *As que nunca cantaron*
- Fillas de Cassandra – *Hibernarse*
- Sen Senra – *Padiante*
- Tanxugueiras & Caamaño&Ameixeiras - *Ghatiña Mansa*
- **Sabela & María Escarmiento – *Non cho poddo dar***

O **período de votación** estará **aberto dende o 10 de abril ata o 30 do mesmo mes**, para que os membros da Academia con dereito a voto poidan seleccionar aos proxecto gañadores das **43 categorías**.

Desde a súa primeira edición, celebrada en 2024, os **Premios de la Academia de la Música de España** teñen como fin celebrar e destacar o talento, o esforzo e a paixón dos profesionais da música. Os galardóns recoñecen un amplo espectro do sector, desde a música en vivo, ata disciplinas técnicas, como o deseño de álbums, a produción ou a enxeñería de son, converténdose así nos galardóns máis completos e representativos do panorama musical estatal. A **gala de premiación** desta terceira edición terá lugar o **26 de maio** nunha cerimonia emprazada no **Palacio de Congresos de IFEMA de Madrid**.

NON CHO PODO DAR, FOCUS TRACK DO EP *BRÍLLANCHE OS OLLIÑOS*

Non cho poddo dar foi a canción destacada de **Bríllanche os olliños**, último EP publicado por **Sabela**. Un tema que viu a luz en **colaboración** con **María Escarmiento**. Esta unión entre dúas amigas deu como resultado un **tema de pop con sons máis ambientais e retrousos instrumentais**, pero cun ton moito máis directo. Nel, Sabela e María xogan coa idea de amar fóra do socialmente establecido, reivindicando que sentir nunca é un erro, por moito que desafíe as normas impostas. O tema nace desa capacidade inmensa de amar máis alá do permitido, de amar sen culpa; desa honestidade que leva a cuestionarse se o problema está en quen sente ou en quen impón os límites. Ao longo do tema extráense referencias aos mitos das sereas: mulleres libres, temidas e xulgadas por ser diferentes.

Este novo nomeamento non fai máis que redondear un **proxecto que está obter recoñecemento** en numerosos premios. Baixo o EP de *Bríllanche os olliños*, a cantante obtivo o **Premio Martín Códax da Música 2025 na categoría Pop/Indie**, así como foi **finalista nos Premios de la Academia de la Música 2025 na categoría de Mejor Canción en galego/asturianu/bable** ou nos **Premios Mestre Mateo en 2025 e 2026 por *Hi, My Love* e *Non cho poddo dar*** respectivamente. Acumulando xa **máis de medio millón de escoitas** en plataformas, Sabela está presentar este novo traballo en **directo** cos **primeiros concertos do seu *Brillante Tour***, que xa pasou por **Bruxelas (Bélxica) no marco do recoñecido Festival EmigraSon** e que xa ten as seguintes datas anunciadas:

XIRA BRILLANTE TOUR

09/05 · La Conservera · Viveiro (Lugo)
26/06 · Galicia Fest · Vigo
29/08 · Festival de la Luz · Boimorto (A Coruña)

ENTRADAS

MÁIS SOBRE SABELA

Sabela Ramil é unha das caras visibles desta nova onda de **pop electrónico** que triunfa no panorama musical actual. Coas súas tinguiduras animadas e bailables, Sabela converteuse xa no **gran alicerce deste xénero** en Galicia. As súas cancións acumulan **centos de miles de reproducións**, conquistando con grandes xiras en directo **importantes salas ao longo de España e de Galicia**, así como festivais da talla de **O Son do Camiño, BIGSOUND Pontevedra, SonRías Baixas, Festival do Pasatempo** ou **Festival Noroeste**. Con todo isto, Sabela presenta o seu **novo EP, Brillanche os olliños**, no que **Hi, My Love** e **Eu Espero Aquí**, publicados a finais de 2024, e **Camponarai**, **Cerca de ti**, **A quen ignora** e **Non cho podo dar**, en colaboración con María Escarmiento, son os temas que o compoñen.

A artista galega soubo madurar o seu proxecto para levalo a unha **nova etapa da súa carreira**, e a pesar de contar cun **estilo xa propio e identificable**, aposta forte por un **son máis internacional mantendo elementos tradicionais galegos**, fortalecendo así as súas raíces. **Brillanche os olliños**, último traballo discográfico de Sabela, vén de obter grandes números de escoitas e visualizacións, así como recoñecementos como o **Premio Martín Códax da Música na categoría de Pop e Indie**, e nominacións a prestixiosos galardóns como os **Premios de la Academia de la Música, Premios Mestre Mateo, Festival de Cans** ou **Festival de Videoclips de Oviedo**.

[Acceso ao PressKit de Sabela](#)

CONTACTO DE PRENSA SABELA

Rodri Míguez | +34 986 903 509

comunicacion@playplan.es

AXENCIA DE MANAGEMENT SABELA

PlayPlan - +34 986 903 509 ext. 206

contratacion@playplan.es

www.playplan.es

